



que foron incorporadas no Congreso Provincial dos días 6 e 7 de Maio do 1978 e coas que foi aprobado.-

UNION SINDICAL DAS CC. OO.

Ramón M.º Aller, 3, baixo

Teléfono 25 82 54

A CORUÑA

INFORME O CONGRESO DA UNION PROVINCIAL DE CC.OO. DA CORUÑA

Compañeiros e compañeiras:

En primeiro lugar valorar a importancia deste I Congreso da Union Provincial de CC.OO. da Coruña. Porque é un importante paso mais cara á celebración do Congreso do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia e da Confederación Sindical de CC. OO. a nivel estatal. Pero tamén porque vai servir pra que nos estructuremos a nivel provincial, pra que nos dotemos de órganos de dirección neste ámeto, que den unha coherencia e alternativas elaboradas, que señan capaces de abordar a problemática da crase obreira da provincia no seu conxunto e non soio dos focos tradicionais de influencia.

Este Congreso é posible gracias a longos anos nos que CC.OO. estivo presente na loita pola liberdade e pola democracia, i é necesario pra avanzar no proceso orgaizativo do noso sindicato, pra discutir e aprobar democráticamente o noso Programa, os nosos Estatutos, pra elexir democráticamente os nosos órganos de dirección.

Este Congreso é un feito histórico nas CC.OO. da provincia da Coruña.

A SITUACION POLITICA I ECONOMICA

No Estado español estése dando un proceso orixinal de saída á democracia. Por primeira vez nun país europeo estése rematando cunha ditadura fascista sin guerra ou intervención militar. Este feito é fundamental pra comprender a situación complexa que dase hoxe, na que, por unha banda subsisten elementos do réximen anterior no aparello do Estado, a nivel municipal, etc., e non hai Constitución, inda que hai Congreso de Diputados. Pero, por outra banda, a crase obreira xogou un importante papel cara ó cambio, coas suas movilizacións, coas suas aicións.

Inda que o papel hexemónico na saída á ditadura levárono forzas sociais procedentes dela, a importancia da loita da nosa crase non debe minimizarse, pois fixo imposible, xunto ca loita doutros sectores populares, o continuismo do franquismo. E reconecemos que non fomos os únicos, pero CC.OO. reivindica craramente o papel fundamental que xogou nestas loitas da crase obreira. Cando impulsábam os loitas

milloras salariales ou sociais, estábamos ó mesmo tempo facendoo pola democracia e pola liberdade. E os métodos de loita de CC.OO., basados na asemblea de traballadores como supremo órgano de decisión e combinando a acción legal ca ilegal, foron os utilizados polas masas e os que fixeron de nos a forza sindical mais importante na época da ditadura.

Asimesmo, CC.OO., polo protagonismo dado ás asembleas de traballadores e por ser un sindicato pluralista no senso de que hai diversas ideoloxías no seu seo, e ó mesmo tempo unitario na acción, supón unha superación do sindicalismo clásico.

A formación de CC.OO. na provincia na década dos 60, que refléxase en accións en Ferrol como as de Obras Civiles, Pysbe, Maderera, Megasa, e que culminaron na gran acción do 10 de Marzal de 1972, iniciada por Bazán e que adquiriu un carácter cidadán, a continuación en Astano, folgas do Metal e da Construcción a nivel da provincia, marcan a presenza decisiva de CC.OO., presenza agora reconocida polos traballadores nas eleccións sindicais.

Tamén hai que facer referencia ó proceso de folgas de finais de 1975 e principios de 1976, que foron importantísimas e decisivas cara á conquista das liberdades políticas e sindicais. A gran folga do 12 de Novembro de 1976 convocada pola COS, e na que participaron tres millóns de traballadores, rachou co intento de continuismo do Goberno Arias-Fraga.

Asimesmo a resposta dada ó asesinato dos compañeiros abogados laboristas de Atocha amosou a capacidade de mobilización con gran sentido da responsabilidade.

Hoxe trátase de asentar e consolidar a democracia, de rematar cos restos do vello réximen, con conquistar que esta democracia penetre tamén nos centros de traballo e establezamos unhas dereitos pros traballadores, que si ben foron rexeitados polo Congreso de Diputados cando presentou o Código o compañeiro Marcelino Camacho, debemos esforzarnos por que señan recollidos na Lei de Acción Sindical.

Asimesmo hai que facer un esforzo por que a Constitución seña democrática, facendo fincapé principalmente en que o dereito de folga e a liberdade sindical señan recollidas craramente, sin cortapisas.

Hoxe, compañeiros, temos que ser conscentes da crisis económica (crisis da que non son culpables os traballadores) que acompaña a este proceso e o dificulta. Esta crisis maniféstase primordialmente a través do déficit na balanza de pagos, na inflación e na falla de inversións, e tradúcese pros traballadores no incremento do paro e da carestía da vida.

CC.OO. valorou dende un principio a magnitude da crisis e afirmamos que era necesario un acordo entre as forzas políticas e sociais do noso país que garantizara un saneamento económico, e donde o reparto dos sacrificios fora feito de xeito

que paguen mais quenens mais teñen.

Negámonos ó Pacto social proposto polo Goberno donde trataban de que desmovilizáramos á crase traballadora, ofrecendo craramente a clásica solución de conxelación de salarios sin ningunha contrapartida a cambio. Cando mais tarde o Goberno e os partidos políticos firmaron os acordos da Moncloa, os saludamos como paso importante pra sair da crisis.

O bombardeo por parte da patronal, por medio da CEOE, dos acordos da Moncloa, impediu que se levaran a cabo o conxunto de medidas favorables ós traballadores que había nos devanditos acordos. Asimesmo por parte de Goberno UCD houbo un incumplimento dos acordos neste senso.

E preciso centrar hoxe a loita contra do paro e os expedentes de crisis, por subsidios de desempleo decentes pra cada parado, por un control das oficinas de desempleo polos traballadores a través das Centrales sindicais, e polo impulso do seitor público como medio fundamental de creación de postos de traballo. Preocúpanos especialmente o paro xuvenil polo que supón pros xóvenes de impedir o seu paso á poboación aitiva e fomentar a súa marxinação. Centrémonos tamén na loita contra da carestía de vida e polo cumprimento dos capítulos positivos pros traballadores e pra democracia dos acordos da Moncloa. Por unha autonomía pra Galicia que sirva pra escomenzar a resolver os problemas que temos prantexados, que permita unha industrialización e unha utilización adecuada dos nosos recursos. Que estableza craramente elementos diferenciadores de Galicia como nacionalidade e que permita avanzar cara a resolver a opresión nacional nas suas tres vertentes, política, socio-económica e cultural. Pola plena consecución da amnistía laboral.

ORGANIZACION.- OS SINDICATOS DE RAMA

Inda que na ponencia relativa a organización hai propostas craras, quero referirme a alguns aspeitos importantes deste capítulo.

En primeiro lugar, reseñanr que inda non funcionamos totalmente como unha Central sindical e conservamos algunhas caraiterísticas de movemento. E preciso, pra superar esta deficiencia, estruturar millor do que están e darlles vida propia ós sindicatos de rama, dotalos de locais e millorar a asistencia xurídica, económica e de orientación sindical en xeral. Cada Sindicato de rama debe contar con orgaismos de dirección estables, que aseguren diariamente a vida dos sindicatos, e con expertos que resolvan problemas laborales, que poden ser traballadores con determinados coñecimentos, non sendo preciso que cheguen ós abogados tantos problemas como chegan hoxe en día.

Tamén é necesario reforzar a estruturación a nivel provincial e nacional

alego, tanto no que concierne ós Sindicatos de rama como das Unións provinciais ou o Sindicato Nacional.

O rápido crecemento (contamos con 30.000 afiliados na provincia) é un aspecto positivo, pero que pode producirnos un desbordamento. Hai que habilitar medios económicos e locais, e tamén medios humanos pra que funcione como tal a dirección da Unión Provincial, e non se limite a tratar de parchear, sinon que planifique craramente o traballo, apoiándose nos sindicatos de rama.

E preciso que cada vez mais os organismos de dirección dispoñan de persoas con tempo libre pra utilizalo plenamente a favor do Sindicato, tanto polo que respecta a permanentes liberados do traballo profesional, como utilizando a fondo as horas de representantes sindicais. E asimesmo necesaria unha atención especial ós sindicatos de rama e Unións Sindicais débiles, que precisan de atencións e apoio especiais que contribúan ó seu desenvolvemento e bon funcionamento.

FORMACIÓN SINDICAL

Por estar absorbidos no proceso afiliativo e orgaizativo, non se tomaron medidas encaminadas a promover a formación sindical dos afiliados e a promoción de cadros sindicais.

Aparte de coidar que haia dirixentes e afiliados especializados neste importante capítulo, é precisa a elaboración e difusión de boletíns periódicos adicados a esta tarefa. Asimesmo celebración de cursillos, pro que hai que utilizar os locais da AISS de forma periódica e xa a partir de agora.

AS ELEIÇÕES SINDICALES E A POLÍTICA UNITARIA

As eleccións sindicais constituiron un éisito pras CC.OO. e unha confirmación da xusteza da nosa línea, así como un recoñecemento por parte dos traballadores da laboura levada a cabo por CC.OO. nos anos da ditadura.

Na provincia da Coruña, conquerimos un 50% dos delegados elexidos. Interpretamos ésto como un triunfo dos traballadores e ó mesmo tempo a nosa propia victoria, contra do amarelismo, dos intentos verticalistas e das maniobras da patronal por intentar reducir a presenza dos sindicatos de crase.

A nosa política unitaria ten que dirixirse fundamentalmente hacia UGT, a outra gran Central que conseguiu un segundo posto nestas eleccións. Os comités de empresa son órganos unitarios importantísimos cara á unidade, pro conquistar a unidade de acción e de criterios ca UGT é importantísimo pra unha operatividade dos propios comités e unha maior forza a nivel xeral na conquista das reivindicacións polas que hoxe loitamos.

USO conseguiu unha votación inferior á que era de esperar, seguramen

te polos problemas internos que tivo esta Central. Seguiremos plantexando unha política unitaria cara a USO e de non inxerencia nos seus asuntos internos. Os compañeiros que están en Sindicatos (CSUT, SU) que estiveron anteriormente en CC.OO. e que sacaron unha votación por debaixo do 3%, facémoslle unha chamada no senso de que reconsideren a súa postura e señan conscentes de que unha incidencia tan pequena non se pode facer sindicalismo.

A NEGOCIACION COLEITIVA E A AICION SINDICAL NA EMPRESA

Está craro que a nivel de empresa o comité ou os delegados de empresa son quenés han de negociar os convenios ou calquer outro problema que se plantexe.

Pero a nivel superior á empresa hai que potenciar o papel a xogar polas Centrales sindicais, pero naturalmente polas que teñan unha incidencia no sector, e ademais representadas proporcionalmente ós resultados nas eleccións sindicais no ámeto correspondente. Hai tamén que valorar positivamente en moitos convenios a presenza de membros da Comisión negociadora eleixidos en assemblea, sobor de todo nas ramas con menos afiliación e menor estruturación das Centrales sindicais. Pero en estas comisións mixtas a tendencia é que cada vez a presenza da representación das Centrales sindicais seña maior e en moitos casos pode ser total, aplicando criterios de representatividade proporcional e estando membros dos comités de empresa ou delegados eleixidos. O documento da Confederación Sindical das CC.OO. é importante discutilo neste senso pra clarificar a nosa posición e non dar lugar a confusionismos neste aspecto.

O noso sindicalismo é un sindicalismo de participación, participación que debe ser democrática, responsable e conscente. Unha das tarefas esenciais dun sindicato debe ser a de ofrecer ó conxunto dos traballadores os datos, os elementos que faciliten esa participación, co obxectivo final da gran tarefa de abolición da explotación, como consecuencia da acción conscente de todos. A loita polas reivindicacións inmediatas eisixe tamén a participación de todos.

Tres son as liñas fundamentais polas que pasa a nosa acción sindical na empresa:

- a) Facíamos referencia ó papel do Comité de empresa e o seu papel como órgano de representación unitaria.
- b) A Sección Sindical que é a organización do Sindicato das CC.OO. na empresa. É un elemento fundamental na elaboración de propostas, que deben dirixir tanto ó Comité como ó conxunto dos traballadores. Unha empresa, cando non funciona a Sección sindical, caerá no reformismo e no espontaneismo.
- c) A Asamblea, como vehículo de decisión unitaria dos traballadores. Cando nunha empresa non se fan assembleas, non se garantiza a participación dos

traballadores no sindicalismo e pódese dexenerar en burocratismo a corto prazo.

Como medio pra perfeccionar a nosa actuación reivindicativa, debemos pasar a impulsar a acción sindical, creando, a nivel de Unións e Sindicatos de rama, Secretarías e Comisións de Coordinación de Acción Sindical, que planifiquen a acción reivindicativa i eviten que estemos á espera de que se nos prantexen os problemas, sinon que debemos levar nos a iniciativa.

A CRISIS ECONOMICA E A PEQUENA E MEDIA EMPRESA

Nesta época de crisis económica, multitude de pequenas e medias empresas pasan por dificultades que CC.OO. debe valorar na súa xusta dimensión. Favorecer o acceso ó crédito e axudas de todo tipo pra empresas deste tipo é un dos nosos obxectivos, pola nosa converxencia con elas fronte ó capital monopolista e pola especial importancia que teñen en Galicia, sendo así que CC.OO. ten que tratar de manter os postos de traballo existentes,

Denunciamos os intentos da CEOE de tentar de controlar a traveso da CEPYME á pequena e media empresa. Reconecemos á CEPYME como representante dos intereses da pequena e media empresa a trataremos de coincidir con esta organización en tádalas reivindicacións de carácter antimonopolista.

Compañeiros e compañeiras:

Quero dende aquí saudar o éxito das accións de 1º de Maio coa participación de seis millóns de traballadores a nivel do Estado, e suliñar que debe continuar a loita polos obxectivos que marcábamnos neste xornada:

- Contra do paro.
- Pola lei de acción sindical na empresa.
- Pola devolución do patrimonio sindical.
- Polo dereito de folga.
- Contra dos expedientes de crisis.
- Contra do despido libre.
- Por unha autonomía pra Galicia que resolva eficazmente os problemas.

Este I Congreso debe servir pra fortalecernos como sindicato, pra estruturarnos de forma acorde coas novas necesidades, pra reforzar a nosa unidade, pra desenrolarnos moito mais, e pra que triunfe a nosa política pra unha maior defensa dos intereses dos traballadores de Galicia.

A Coruña, Maio de 1.978.